



Concello de Lugo

**CONTRATACIÓN**

MLA/MLA

Refª: Acta contenedores soterrados informe técnico

Asunto:

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE CONTEDORES SOTERRADOS NO CONCELLO DE LUGO. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN ( INICIATIVA URBANA) CO 70% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL ( PO FEDER GALICIA 2007-2013)**

Sendo as 13:30 horas do día 14 de xullo de 2011, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendedores, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais don Lino González-Dopeso García, Concelleiro delegado da área de Medio Ambiente e Zona Rural, dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, don Ángel Trabada, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abreira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Elva Anido Anido, en substitución do interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, letrada asesora e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Asiste tamén don Miguel A. Negral Fernández,, enxeñeiro de montes do servizo municipal de medio ambiente.

Abre a sesión a Sra Presidenta da mesa de contratación e procédese por parte do Secretario a dar lectura ao informe emitido polo servizo municipal de medio ambiente no que se pon de manifesto que a proposición presentada por SANIBOBEL e que fora seleccionada pola mesa de contratación por ser a de prezo mais baixo, non cumpre co prego de prescricións técnicas e debe ser excluída ó diferir nas características principais dos elementos soterrados por incluír contenedores de elevación solidaria e non mediante accionamento hidráulico.

Tras as explicacións realizadas polo enxeñeiro do servizo de meido ambiente, e á vista do informe técnico, os integrantes da mesa acordan rexeitar a proposición presentada por SANIMOBEL S.A polos motivos postos de manifesto no informe técnico citado e solicitar outro informe do técnico do servizo de medio ambiente sobre o resto de proposicións no que verifique o cumprimento das condicións técnicas do resto de proposicións presentadas.



**CONTRATACIÓN**

MLA/MLA

Refª: Acta contenedores soterrados informe técnico

Asunto:

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:50 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

~~Asdo: Sonia Méndez García~~

~~Asdo: Manuel Louzao Aldariz~~

